



## **Actividades Verán 2021**

### **PROTOCOLO DE :**

- ENTRADA E SAÍDA.**
- ADECUACIÓN DE ACTIVIDADES DE LECER.**
- PREVENCIÓN E ACTUACIÓN EN CASO DE RISCO DE CONTAXIO OU CONTAXIO POSITIVO.**
- EQUIPAMENTOS E MEDIDAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN OBRIGATORIAS.**
- MEDIDAS PERSOAIS DE HIXIENE OBRIGATORIAS A IMPLEMENTAR POLOS PARTICIPANTES.**



## Actividades Verán 2021

### 1. ENTRADA

- As persoas participantes serán informadas do subgrupo ao que pertencen e reuniranse co seu monitor ou monitora no espazo apartado que se lles asigne para dar comezo a actividade. O/A monitor/a informará do lugar de recollida dos participantes do seu subgrupo.
- A familia non ten permitida a entrada no centro.
- Todas as persoas participantes deben de entrar **OBRIGATORIAMENTE** con mascarilla no lugar de reunión.
- Os monitores indicarán a obriga de para acceder á instalación deberán pasar obrigatoriamente pola zona de desinfección **e medir a temperatura**, no suposto de tela non poderán acceder. Nesta zona hixiniezarán as mans e o calzado.
- Só poderán traer unha mochila ou bolso coa súa merenda e a súa cantimplora de auga.
- Entrarán na aula asignada co monitor/a asignado/a **no caso dos obradoiros**.
- A chegada será **escalonada ou con varias entradas no caso dos obradoiros**. E no suposto de ter que esperar haberá que manter a distancia de seguridade.
- Para aumentar a precaución, terán prioridade de acceso á actividade os participantes máis novos/as de cada un dos espazos onde se leve a cabo a actividade.
- As familias deberán asinar o documento de aceptación de normas e consentimento informado e entregalo o primeiro día de actividade
- Todo o anterior tamén é de obrigado cumprimento por parte dos/as monitores/as.
- As persoas participantes non poderán tomar parte na actividade se presenta calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade respiratoria,...) que puidese estar asociada co COVID-19
- As persoas participantes non poderán tomar parte na actividade se estivo en contacto directo (convivintes, familiares e persoas que que estivesen no mesmo lugar que un caso positivo a unha distancia menor de 2 metros durante un tempo de a lo menos 15 minutos) ou compartido espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada de COVID-19, incluso en ausencia de síntomas, por un espazo de a lo menos 15 días. Durante ese período debe realizar un seguimento por si aparecen síntomas

### 2. SAÍDA

- A metodoloxía de saída será totalmente igual que á entrada, pero en modo inverso.
- Non se permite a entrada nas familias no centro.



## Actividades Verán 2021

### 3. Control e prevención da transmisión

- As persoas participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte ao COVID-19, de tal forma que se algunha presenta sintomatoloxía asociada con dito virus non acudirá e contactará **INMEDIATAMENTE** co responsable (coordinador/a) da actividade.
- Os/as monitores/as responsables da actividade velarase pola seguridade da mesma mediante **controis diarios de temperatura das persoas participantes** e o adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos.
- As persoas participantes deberán notificar as causas de ausencia aos monitores/as responsables.
- Haberá carteis recordando os comportamentos e distancia de seguridade, medidas de hixiene,...

### 4. Cumprimento de medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias

- **O Concello** debe asegurar o subministro e accesibilidade ás medidas de protección individual (excepto mascarillas), facilitando e supervisando o equipamento preciso ás persoas participantes e a colocación de xeles hidroalcolicos e alfombras desinfectantes en lugares estratégicos.
- Cada grupo terá un monitor ou monitora responsable que garantirá a recollida e entrega dos e das participantes aos seus titores legais. Este responsable velará polo respecto das medidas de distanciamento social e evitará aglomeracións. Controlará comportamento e equipos sanitarios.
- En todos os casos garantirase o cumprimento dos protocolos de seguridade.

### 5. Organización das actividades.

- **No Obradoiro** desenvolveranse actividades realizadas ao aire libre e no interior. Debido á actual situación o tipo de actividades previstas serán actividades dirixidas en aula ou espazo pechado, con tempo de lecer no exterior para cada unha das idades ou grupo dependendo do número, por separado.
- **As Actividades Náuticas** desenvolveranse ao aire libre, en embarcacións individuais e colectivas cun máximo de 4 persoas mantendo a distancia de seguridade de 1.5 metros.
- Reorganizaranse as actividades que se desenvolverán en subgrupos fisicamente illados do resto baixo control dun monitor ou monitora.
- Evitarase a realización de actividades que impliquen contacto físico constante. **Utilizaranse mascarillas** sempre que a actividade o demande, xa que non se poda manter a distancia social.
- Poderán levar unha merenda a cargo do participante, estando prohibido compartila entre os participantes.
- Non se permitirá o uso libre de fontes de auga polos participantes.
- Os espazos cerrados **no suposto dos Obradoiros** estarán reorganizados de tal forma que se asegure o correcto cumprimentos das medidas de distanciamento social. Serán amplos e debidamente ventilados.



## Actividades Verán 2021

- Quedan prohibidas as visitas de familiares.

### 6. No desenvolvemento da actividade.

- Os responsables da actividade serán os encargados de organizar as mesmas asegurando o cumprimento da distancia e medidas de seguridade.
- Os participantes levarán mascarilla cando se lles requira.
- Os participantes deberán obedecer aos seus responsables de grupo e manter a distancia de 1,5m dentro da actividade xa sexa en espazos pechados ou ao aire libre.

### 7. Medidas organizativas da actividade.

- Os/As monitores/as da actividade deberán asegurarse de que os participantes contan con equipos de protección individual.
- O/A coordinador/a da actividade deberá informar aos participantes dos riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual.
- Cada persoa participante deberá levar o material indicado na información colgada na web do concello para o desenvolvemento das actividades. Ese material será de uso exclusivo de cada participante, ademais evitárase o uso de materiais compartidos durante a actividade.
- Os participantes nas **Actividades Náuticas deben de vir cambiados** para desenvolver a actividade e **non se poderán cambiar para ir para a casa**.

### 8. Desprazamentos á actividade

- **Os desprazamentos ate o lugar de celebración deberán axustarse ás condicións prescritas no DOG do 13 de xuño, para a cidadanía en xeral.**
- Sempre que poidas, prioriza as opcións de mobilidade que mellor garantan a distancia inter persoal de 1,5m.
- Recomendamos, que se tes que te desprazar en turismo, extremes as medidas de limpeza do vehículo e evita que viaxe máis dunha persoa non convivinte por cada fila de asentos, no suposto de non ser posible, obrigatorio a mascarilla para todos os viaxeiros, tal e como se indica no DOG do 13 de xuño.
- Tamén recomendamos que utilices os teus equipos de protección individual dende a saída da casa.



## Actividades Verán 2021

### 9. Medidas de prevención da transmisión.

- Intensificaremos as tarefas de limpeza e desinfección coas recomendacións das autoridades competentes en materia de hixiene e saúde no traballo.
- Estableceremos e difundiremos as medidas de prevención a aplicar no centro entre todos os traballadores en canto a espazo de traballo, ao equipo de materiais de traballo así como con respecto ao desenvolvemento e organización do traballo.
- Temos establecido un procedemento a seguir en caso de que en calquera momento enferme unha persoa no centro, así como o reforzo das medidas preventivas que se van a seguir. **(Punto 10 deste documento)**
- Ensinar, fomentar e reforzar as prácticas de hixiene saudables aos diferentes participantes.

### 10. Actuación cando haxa un caso confirmado de COVID-19 nas instalacións: cancelación e regreso.

**• Na situación actual de transmisión comunitaria pola que estamos pasando, vaise ter en conta que todas as persoas con síntomas (tose, febre ou dificultade respiratoria) deberán ser inmediatamente identificados e notificados ás súas familias. A identificación producirase mediante dispositivos de medición de temperatura, observación ou notificación por parte dos participantes.**

- Identificación de posible caso de COVID-19. Ante a aparición de síntomas unha vez se estea dentro do centro e/ou durante unha actividade, a persoa en cuestión deberá interromper dita actividade informando aos monitores, así como manter a distancia e medidas de seguridade establecidas previamente. Tras a notificación de síntomas, os monitores deberá contactar coa familia para comunicar a incidencia e que veñan recollelo.
- Identificación positiva de caso COVID-19. Ante un positivo de COVID-19 o coordinador deberá contactar por teléfono co centro de saúde correspondente para notificalo e recibir instrucións. Seguirase en todo momento as recomendacións dos sanitarios, e se actuará coordinadamente coas mesmas.
- Confidencialidade da persoa afectada.
- Paralización da actividade e notificación ás familias. Interromperanse as actividades escalonadamente. Notificarase ás familias a presenza dun caso positivo na actividade.
- No suposto dun positivo por COVID-19, seguirase o protocolo establecido pola autoridade sanitaria no DOG do 13 de xuño, que indica o seguinte:

1) A persoa participante que presente este tipo de síntomas será trasladada a un lugar illado, no que deberá permanecer e portar máscara cirúrxica.

2) Unha vez confirme os síntomas debemos poñernos en contacto co número de teléfono:

**900 400 116, ou 061** no caso de existir sintomatoloxía severa, para trasladar toda a información do caso e esperar instrucións; así como á Xefatura Territorial de Sanidade correspondente.



## Actividades Verán 2021

Tamén se deberá comunicar a situación ao centro médico de referencia.

3) Así mesmo, avisarase tamén ao pai/nai/titor legal da persoa participante, aos que se terá plenamente informados do avance da situación, así como da decisión que finalmente tomen as autoridades sanitarias.

4) Mentres non se descarte que se trata dun caso infeccioso por COVID-19, procurarase que os seus posibles contactos estreitos teñan a menor interacción posible co resto dos participantes.

- Tomar a decisión acerca da cancelación de actividades. Seguindo as instrucións da autoridade sanitaria, **poderase** decretar a cancelación da actividade e o peche temporal do centro. Establecerase un protocolo ao efecto, aprobado pola autoridade competente, que contemple as consecuencias de esta decisión dentro da legalidade vixente.
- Poderase pechar o lugar de actividade a curto prazo (2-5 días) para limpar e desinfectar en profundidade se así é indicado polas autoridades sanitarias.

### 11. Recomendacións para os asistentes á actividade.

- Uso obrigatorio de máscaras a requirimento do monitorado.
- Cumpre con todas as medidas de prevención que che indique o responsable da actividade.
- Mantén a distancia interpersonal.
- Evitar o saúdo con contacto físico, inclusive dar a man.
- Lávate frecuentemente as mans con auga e xabón ou con solución hidroalcohólica. É especialmente importante lavarse despois de tusir ou esberrar ou despois de tocar superficies potencialmente contaminadas. Trata de que cada lavado dure a lo menos 40 segundos.
- No caso de que teñas os antebrazos descubertos durante a actividade é recomendable incluílos no lavado
- Cubre o nariz e a boca cun pano desbotable ao tusir ou esberrar, e tírao a continuación nun cubo do lixo que conte con peche se non dispós de panos, usa a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.
- Evita tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Tira calquera obxecto de hixiene persoal de forma inmediata ás papeleiras ou contedores habilitados.